

## Actividades sobre os bloques 1 e 2 da Idade Media

### 1. Completa coa palabra axeitada.

|                  |            |                |            |           |
|------------------|------------|----------------|------------|-----------|
| Alanos           | xermánicos | Reis Católicos | al-Ándalus | Toledo    |
| Imperio islámico | Corán      | suevos         | Islam      | Guadalete |
| Idade Media      | Córdoba    | Granada        | África.    |           |

Tras a decadencia do Imperio romano Hispania foi invadida por pobos \_\_\_\_\_ procedentes do centro e do norte de Europa.

Destes pobos os \_\_\_\_\_ e os \_\_\_\_\_ crearon reinos que perduraron no tempo.

A \_\_\_\_\_ iníciase coa derrota do último emperador romano e a conquista de Roma no ano 476.

O reino visigodo estableceu a súa capital en \_\_\_\_\_ e caracterizouse pola decadencia das cidades romanas, da economía, do comercio e da artesanía.

No século VII, o profeta Mahoma comezou a predicar a doutrina do \_\_\_\_\_, que recoñecía un único deus, Alá e cuxo libro sacro é o \_\_\_\_\_.

Tras a súa morte o \_\_\_\_\_ expandiuse desde Arabia, ata a India e o norte de \_\_\_\_\_.

Os musulmáns derrotaron ao rei don Rodrigo na batalla de \_\_\_\_\_ e acabaron co reino de Toledo.

Tras invadir a Península chamaron ao territorio conquistado \_\_\_\_\_.

Abderramán III inaugurou o califato de \_\_\_\_\_.

En 1492, os \_\_\_\_\_ conquistaron o reino de \_\_\_\_\_.